



ACTA DO XURADO DO I CERTAME ARTÍSTICO “COUSAS”

IES FÉLIX MURIEL - RIANXO, 2024

O luns 13 de maio de 2024, ás 18:00h., reuniuse o xurado encargado de fallar os Premios do Iº Certame Artístico “Cousas”, formado por Ana Rivas, docente do IES Félix Muriel; Ricardo Losada, escritor e docente do IES Félix Muriel; Xesús Piñeiro, xornalista de Nós Diario; e Esther Carrodegua, actriz, directora e escritora. Despois da lectura dos 68 traballos presentados, resultaron finalistas 30. E, tras as súas deliberacións, o xurado acordou outorgar os seguintes premios:

1º premio, de 300€ e diploma, para Helena Castaño Pazos, alumna de 15 anos, do IES nº 1 da Estrada, pola súa creación artística **“Cunetas”**, do que o xurado apreciou a proximidade ás “Cousas” de Castelao, tanto pola temática da memoria histórica como pola estilización do seu debuxo. Ademais, o xurado valorou a súa brevidade como “perfume condensado nun frasco”. O docente responsable da súa presentación foi Román Landín.

2º premio, de 200€ e diploma, para Mateo Nandín Raviña, alumno de 17 anos, do IES Politécnico de Vigo, pola súa creación artística **“Proposta ‘post mortem’”**, do que o xurado apreciou a revisión moderna da obra de Castelao, mesmo no debuxo do “ollo de vidro”. O xurado tamén valorou “que lograse ollar a realidade como a ollaría hoxe o autor rianxeiro”. O docente responsable da súa presentación foi Henrique Salvador Estévez Hernández.

3º premio, de 100€ e diploma, para Adriana Padín González, alumna de 18 anos, do IES Politécnico de Vigo, pola súa creación artística **“Bágoas salgadas”**, do que o xurado valorou a temática da emigración, tan particularmente tratada por Castelao; a estrutura marco dun texto que medra na ilustración e a calidade da súa lingua literaria para expresar a melancolía e a frustración pola perda. O docente responsable da súa presentación foi Henrique Salvador Estévez Hernández.

Finalmente, o xurado considerou que en xeral os textos reflectían o uso dunha lingua de gran calidade e acordou conceder ademais dos tres premios os seguintes accésits:

Accésit 1, con diploma, para Zoe Fernández Piñeiro, alumna de 13 anos, do IES do Milladorio, pola súa creación artística **“Cousas”**. A docente responsable da súa presentación foi Helena López Macía.

Accésit 2, con diploma, para Paula Porto Rodríguez, alumna de 18 anos, do IES Politécnico de Vigo, pola súa creación artística **“O meu mellor amigo”**. O docente responsable da súa presentación foi Henrique Salvador Estévez Hernández.

Accésit 3, con diploma, para Alicia Cores Padín, alumna de 15 anos, do IES Ramón Cabanillas de Cambados, pola súa creación artística **“Somos paisaxe”**. A docente responsable da súa presentación foi Edith Pazó Fernández.

Accésit 4, con diploma, para Olaia Pérez Eiroa, alumna de 17 anos, do IES Politécnico de Vigo, pola súa creación artística **“Este é o mundo que fixo Deus?”**. O docente responsable da súa presentación foi Henrique Salvador Estévez Hernández.

Asinan esta acta os membros do xurado e, en calidade de secretaria, con voz pero sen voto, a coordinadora do grupo de traballo do alumnado responsable da organización do premio. Asinado:

Ana Rivas



Ricardo Losada



Xesús Piñeiro



Esther Carrodegua

Sofía Rama

